

CRITERIOS PARA SELECCIÓN ALUMNOS

A. MOBILIDADE ERASMUS PARA ESTUDIO.

Con carácter xeral, os criterios para selección de alumnos que participarán nos proxectos Erasmus de mobilidade para estudio serán os seguintes:

- 1) Terán preferencia absoluta os alumnos que teñan todos os módulos do primeiro curso do Ciclo Formativo que veñan cursando aprobado sobre os que teñan algún módulo suspenso.
- 2) Establécese, unha vez feita a división dos alumnos en dous grupos de acordo co primeiro criterio, a súa priorización en base a unha puntuación baseada nos seguintes criterios e a ponderación establecida para cada criterio:
 - a. Nota media do primeiro ano do ciclo formativo que veñen cursado atinxida na convocatoria de xuño ou setembro: 40%
 - b. Nota do módulo de lingua estranxeira na que se vaia a realizar a estadia, que pode coincidir ou non coa lingua do país de destino. Por exemplo, a nota de inglés para unha estadia na Romanía: 30%
 - c. Valoración dada polo equipo de profesores do Ciclo Formativo sobre a actitude do alumno e a idoneidade da súa actitude para desenvolver a estadia: 30%
 - d. Cando a valoración por parte dos profesores sexa moi baixa e o atopen adecuado, o equipo de profesores poderá decidir que un determinado alumno non faga a mobilidade.
 - e. Cando a lingua na que se vaia a realizar a estadia non corresponde con ningunha das linguas estudadas no primeiro ano este criterio de ponderación non será aplicable, considerándose unicamente os restantes dous apartados. Neste caso a ponderación farase cargo con base ó seguinte criterio:
 - i. Nota media do primeiro ano do ciclo formativo: 50%
 - ii. Valoración da actitude do alumno: 50%
- 3) En base ó recollido nos puntos anteriores, farase un listado ordenado dos alumnos, que servirá de base para decidir qué alumnos poderán ir a facer unha mobilidade de estudio. Aqueles alumnos que se atopen nos primeiros serán os primeiros en ser seleccionados, de acordo co numero de prazas dispoñibles.

B. MOBILIDADE ERASMUS PARA PRACTICAS.

Con carácter xeral, os criterios para selección de alumnos que participarán nos proxectos Erasmus de mobilidade para práctica serán os seguintes:

- 1) Farase unha lista ordenada dos alumnos en base a unha puntuación baseada nos seguintes criterios e a ponderación establecida para cada criterio:
 - a. Nota media de todos os módulos do ciclo, calculada en base ó seguinte criterio:
 - i. Do primeiro ano do ciclo formativo que veñen cursado consideraranse as notas obtidas na convocatoria de xuño ou setembre.
 - ii. Do segundo ano de ciclo formativo que veñen cursado, para os alumnos que non cursen o primeiro trimestre no estranxeiro consideraranse as notas obtidas na primeira avaliación.
 - iii. Do segundo ano de ciclo formativo que veñen cursado, para os alumnos que cursen o primeiro trimestre no estranxeiro solo se consideraran as notas do primeiro ano, non incluíndo no cálculo da nota media as notas obtidas na primeira avaliación.
 - b. Nota do módulo de lingua estranxeira que se vaia a utilizar para a práctica, que pode coincidir ou non coa lingua do país de destino. Por exemplo, considerárase a nota de inglés para unha estadía na Romanía: 30%
 - c. Valoración dada polo equipo de profesores do Ciclo Formativo sobre a actitude do alumno e a idoneidade da súa actitude para desenvolver a estadía: 30%
 - d. Cando a valoración por parte dos profesores sexa baixa e os profesores o atopen adecuado, o equipo de profesores poderá decidir que un determinado alumno non faga a mobilidade.
 - e. Cando a lingua na que se vaia a realizar a estadía non corresponde con ningunha das linguas estudadas no primeiro ano este criterio de ponderación non será aplicable, considerándose unicamente os restantes dous apartados. Neste caso a ponderación farase cargo con base ó seguinte criterio:
 - i. Nota media: 50%
 - ii. Valoración da actitude do alumno: 50%
- 2) O listado ordenado dos alumnos servirá de base para decidir qué alumnos poderán ir a facer a mobilidade de práctica no estranxeiro. Aqueles alumnos que se atopen nos primeiros lugares de esa lista serán os primeiros en ser seleccionados, de acordo co número de prazas dispoñibles.